O MEU INVENTO

O ABRELATAS DE PETO MODERNO

Índice

O meu invento.....1
O meu invento.....3
Inventor.....4
Opinión persoal.....5

O MEU INVENTO: O ABRELATAS DE PETO MODERNO

O abrelatas de peto moderno foi patentado por Xosé Valles Armesto no 1906. O seu invento foi fabricado durante máis de cincuenta anos nunha nave industrial en Gijón chamada “O Explorador Español”.

Este aparello, que aínda está nas casas da maioría de españois e galegos, tiña catro principais funcións:

-Abrir latas cunha coitela rematada en punta, ancorándoa ao envase e exercendo presión para abrilas.

-Poder usalo como desaparafusador, axustando e afrouxando as cabezas dos parafusos dunha rañura.

-Perforar latas facendo pouca presión deixando un pequeno orificio polo que botar o seu contido.

-Facer de abridor das botellas que utilizan o sistema de coroa para pechalas.

Posúe tres pezas metálicas dispostas estratexicamente para que tanto o explorador, como calquera veciño na súa casa, dispoña dun instrumento simple, manexable, pequeno e transportable co que enfrontarse a eses traballos. Na parte máis ancha se lle pon a imaxe dun excursionista, debido a que este era o principal beneficiario do invento, e na parte superior, incrustadas nunha roda dun engrenaxe mecánico, aparecen as tres iniciais do nome do seu creador, JVA (Xosé Valles Armesto).

INVENTOR



Xosé Valle Arnesto naceu no ano 1870 en Vilaseca en Negueira de Muñiz, na provincia de Lugo. Dende moi novo traballou de camioneiro en Gijón. Tamén viaxou a Cuba durante un tempo e serviu no exército español. Despois comezou a traballar como viaxante polos camiños de España, aínda que xa tiña a idea dun utensilio a fabricar na cabeza. Despois de cumprir cos seus compromisos militares e viaxar por España, decidiu asentarse no que era xa a súa casa: Gijón, no 1905.

Ese ano, xunto a un socio capitalista, merca unha nave industrial no centro da súa cidade, dende onde trasladaríase mais adiante na actual Manuel Llaneza. Contaba cun cadro de persoal formado maioritariamente por mulleres e integrado practicamente ao 100% por galegos, que dende 1906 adicábanse única e exclusivamente á fabricación dun pequeno invento, un aparello que cambiaría a historia para sempre: “O Explorador Español”, o abrelatas de peto moderno.

Foi considerado un éxito do deseño industrial a nivel mundial que segue aínda en vigor, sendo utilizado aínda en moitas casas españolas e galegas. Nunca se quedou curto en publicidade, os seu anuncios eran habituais na prensa nacional falando sobre seu gran invento, que foi todo un éxito a escala mundial.

Nunca deixou de acudir á súa fábrica para revisar persoalmente a produción e charlar animadamente cos seus paisanos galegos, pero o paso dos años deixou obsoleta a produción, Xosé Valle Armesto SA pechou definitivamente a finais dos 60.

Xosé Valle Armesto faleceu no 1966, deixando a súa pisada na historia da Humanidade.

OPINIÓN PERSOAL: E EU QUE INVENTARÍA

Este invento, o abrelatas de peto moderno, é moi eficaz para ser utilizado tanto na casa como de viaxe, xa que cumpre con todas as funcións para o que foi creado de forma correcta. Tamén, ao ser tan compacto, podes levalo no teu peto a onde ti queiras. Ademais da súa utilidade, impresióname o seu gran éxito. Este aparello, que foi fabricado fai máis dun século, aínda é utilizado en moitas das casas do noso país. O único inconveniente que lle vexo ao abrelatas é que cada vez é menos eficaz, debido aos avances nos envases, pero aínda pode sacarnos dalgún apuro.

Eu inventaría un caderno infinito. Este aparello ten follas irrompibles, impermeables e que se poidan borrar cun pano especial. Este caderno tería moitos beneficios:

-Non volver a gastar nunca máis diñeiro en cadernos.

-Poder utilizalo tantas veces coma un queira.

-Poder levalo a todas partes, xa que é moi compacto.

-Non hai riscos de estragalo nin perder o seu contido xa que é impermeable, pode ser somerxido na auga sen romperse; irrompible, por moito que intentes romper as súas follas no serás capaz; e ten a capacidade de borrarse todo o escrito nel unicamente limpándoo cun pano especial que leva incorporado, podendo así utilizalo infinitamente.

Inventaría este caderno infinito para axudar ás persoas e mellorar a súa vida.